



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2017 E PROGRAMA DE ACTUACIÓN SINVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Constitución Española nos seus artigos 148.1.6 y 149.20, o Estatuto de Autonomía para Galicia (Lei orgánica 1/1981, de 6 de Abril) no seu artigo 27.9 establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; ó mesmo tempo o Estatuto de Autonomía no artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza. De acordo con estas previsións constitucionais e estatutarias por Real Decreto 3.214/1982, do 24 de Xullo operouse a correspondente transferencia en materia portuaria á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia, exerce as súas competencias portuarias a través dunha administración especializada constituída polo Ente Público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de Novembro; lei que no seu artigo 4.2 dispón que supletoriamente e en materia de portos será aplicable a lexislación estatal vixente. Portos de Galicia está adscrito á Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

O Ente Público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar constitúe unha entidade pública empresarial que en réxime de autosuficiencia financeira da explotación ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión, e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico-deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e a cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Premisas e liñas principais do plantexamento estratéxico:

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a prestación das súas actividades de acordo coa súa lei de constitución sobre a base de criterios de eficacia e eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade sen rebaxar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais como medida complementaria e, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da construción, ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo elo para a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva nos momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade en xeral.

Para a elaboración destes presupostos seguíronse os criterios xerais de elaboración dos presupostos da Comunidade Autónoma para o período 2017-2020 priorizando as políticas de gasto encamiñadas aos sectores estratéxicos para impulsar o fortalecemento da actividade e o desenvolvemento do novo modelo de crecemento económico, co fin de contribuir desde Portos de Galicia a mellorar a senda de creación de emprego, garantindo os servizos portuarios esenciais coa máxima contención do gasto corrente e a potenciación da inversión produtiva.

Para elo, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións presupostarias.

Os tráficos comerciais e pesqueiros no exercicio 2015 e o primeiro semestre de 2016 confirmaron unha caída da actividade nos primeiros e unha subida nos segundos. Se ben a análise dos datos de 2015 fai que as previsións sexan prudentes e se estime unha contención na previsión dos ingresos, fundamentalmente nos tráficos de mercadorías e no movemento de buques mercantes.

O sector da náutica deportiva está sufrindo de xeito importante a actual situación económica. Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto cos operadores privados iniciado en 2015 para poder revisar os modelos de explotación das instalacións en réxime de concesión que permita minorar o efecto negativo, como así foi nalgunhas delas.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante o exercicio 2015 e 2016 unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos e/ou servizos de valor de xeito sostible.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E3	Creceamento sustentable, territorio, mar, agric.

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA31	Fomento do sector primario baseado na innovación

De acordo co establecido no Plan Estratéxico para Galicia 2015-2020, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese un Obxectivo denominado OE03.I.01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira.

Os obxectivos son os seguintes:

- Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.
- Modernización e adecuación as instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.
- Ordenación Xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais e da Xestión organizativa dos mesmos e adaptación ás novas TIC.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2017	2018	2019
OE1	Modernizar os portos de Galicia, garantindo medios	20.149.626	20.149.626	20.149.626
	TOTAL	20.149.626	20.149.626	20.149.626

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2017	2018	2019
0001	Mellora de calidade medioambiental instalacións	5.795.186,21	5.695.186,21	5.695.186,21
0002	Modernización e adecuación das instalacións	9.819.423,85	9.057.907,33	7.618.284,12
0003	Ordenación xeral das zonas de servizo nos portos	4.535.015,94	5.396.532,46	6.836.155,67
	TOTAL	20.149.626	20.149.626	20.149.626

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2017	2018	2019	UNIDADES
IP01	Número de portos con actuación	1	1	1	Nº
IP01	Número de portos con actuación	5	4	4	Nº
IP02	Ingresos por concesións e autorizacións	22	23	24	Porcentaxe
IP03	Número de servizos portuarios externalizados	1	1	1	Nº
IP04	Número atraques destinados á náutica recreativa	5.000	5.100	5.150	Nº

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2017	CONCELLO
NOIA: Remodelación da zona portuaria e mellora dos accesos marítimos	2.017	2.019	2.950.000	350.000	1528057
SINALIZACIÓN marítima dos polígonos de bateas	2.017	2.019	850.000	100.000	900
Obras menores de dotación de servizos	2.017	2.019	5.687.451,2	536.657,61	900
Outro inmovilizado	2.017	2.019	360.000	300.000	900
ALDAN: Obras de abrigo, construción e instalación de barrera rompeolas fija (1ª fase)	2.017	2.018	650.000	450.000	3624008
RIBEIRA: Equipamento de maquinaria e utillaxe para a nova lonxa.	2.016	2.017	500.000	100.000	1506073
ILLA DE AROUSA: Construción e instalación pantalans 4ª lista.	2.017	2.019	3.200.000	150.000	3637901
LAXE: Remodelación e ampliación do porto (1ª fase- Dragaxe)	2.017	2.019	2.980.376,79	1.200.000	1508040
O XUFRE: Instalación para embarcacións menores no porto	2.016	2.017	655.282,54	655.282,54	3637901
ARCADE: Acondicionamento, adecuación e mellora do edificio de servizos no porto	2.016	2.017	337.405,15	87.405,15	3652053
VIVEIRO-CELEIRO: Mellora de medios de amarre e defensas no porto (2ª fase)	2.016	2.017	409.568,11	409.568,11	2723066
RIBEIRA: Mellora de abrigo na dársena norte do porto	2.016	2.017	373.699,63	373.699,63	1506073
PORTOSIN: Acondicionamento da zona portuaria	2.016	2.017	125.830,26	125.830,26	1528071
CABO DE CRUZ: Pantalans para embarcacións pesqueiras no porto	2.016	2.017	592.160,49	592.160,49	1506011
LORBE: Vial de acceso ao porto	2.017	2.017	511.580,8	61.580,8	1513058
FOZ: Ampliación das instalacións portuarias/ dragaxe no porto.	2.017	2.018	170.000	50.000	2722019
PORTONOVO: Mellora de abrigo do porto	2.016	2.017	483.225,3	483.225,3	3637051
FISTERRA: Mellora de abrigo do porto	2.016	2.017	830.175,3	830.175,3	1518037
		TOTAL	21.666.755,57	6.855.585,19	

Para dar resposta ás necesidades ligadas aos obxectivos de mellora da seguridade, operatividade e mellora das condicións de traballo nos portos, recóllense actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución.

Dentro das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte intermodal e atracción de novo tráfico, preténdese que exista un transporte sostible alternativo á estrada e a potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías. Neste apartado dótese unha anualidade de 61.581.- € para a finalización da execución das obras do vial de acceso ao porto de Lorbé.

Outro aspecto fundamental para lograr os obxectivos previstos é o inicio de actuacións encamiñadas ao mantemento dos calados de acceso aos portos mediante dragaxes tanto de primeiro establecemento como de mantemento dos existentes. Neste apartado dótese unha anualidade de 1.600.000.- € para a execución das obras de remodelación é ampliación do porto de Laxe (1ª fase- Dragaxe), para as obras de ampliación e dragaxe no porto de Foz e a mellora dos accesos marítimos ao porto de Noia.

Ademais dentro das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo e a mellora da seguridade na operativa dos barcos destaca a inversión na mellora de medios de amarre e defensa no porto de Viveiro-Celeiro cunha anualidade de 409.568,11.- € así como a mellora do abrigo do porto de Fisterra con 830.175.-€, a mellora do abrigo do porto de Portonovo con 483.225.-€ e a mellora do abrigo da dársena norte no porto de Ribeira con 373.700.-€, todas elas para o 2017. Por último, unha anualidade de 450.000.-€ para as obras de abrigo mediante barreira rompeolas fixa no porto de Aldan.

A instalación de novos pantaláns para embarcacións pesqueiras no porto de Cabo de Cruz por importe de 592.160.-€, a instalación de pantaláns para embarcacións menores no porto de O Xufre por importe de 655.283.-€, así como a construción e instalación de pantaláns de 4º lista no porto de A Illa de Arousa por importe de 150.000.-€, todas elas para o ano 2017.

No que se refire á mellora de acceso marítimo aos portos da provincia de Pontevedra destínase unha partida para ampliación e mellora da sinalización marítima nas canles de acceso así como, no que corresponde ás zonas de auga ocupadas polos polígonos de bateas cunha anualidade de 100.000.-€ para o ano 2017.

Ademais dótase para o ano 2017 unha partida por importe de 100.000.-€ para finalizar o equipamento da lonxa de Ribeira así como o acondicionamento, adecuación e mellora do edificio dos servizos no porto de Arcade cunha anualidade de 87.405.-€.

Por outra banda, actuarase na ordenación xeral das zonas de servizo dos portos así como na mellora e modernización dos servizos xerais.

Continúase na liña de modernización, ampliación e mellora das redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Destínase a cifra de 536.658.-€ para este tipo de obras.

E finalmente, realízanse inversións en TIC e outro inmovilizado necesario para o funcionamento dos servizos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información, así como a renovación do parque móbil necesario para o axeitado desenvolvemento das funcións de vixilancia e control dos portos. A dotación prevista para esta partida é de 300.000.-€.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
NON TERRITORIALIZABLE	4.704.519,75	8.589.521,06	6.855.585,19
TOTAL	4.704.519,75	8.589.521,06	6.855.585,19

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2017	2018	2019
PRESTACION DE SERVICIOS PORTUARIOS	13.440.000	13.440.000	13.440.000
SERVIZOS PROFESIONAIS	165.000	165.000	165.000
UTILIZACION PRIVATIVA, OCUP.DOM.PUBLICO	2.325.000	2.325.000	2.325.000
OUTROS INGRESOS	70.000	70.000	70.000
TOTAL	16.000.000	16.000.000	16.000.000

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2017, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2016 senón tamén os resultados reais do exercicio 2015, a evolución das diferentes taxas e canons portuarios nos cinco primeiros meses do ano 2016 así como os cambios previstos na Lei 6/2003 para o ano 2017. A facturación ao peche do ano 2015 superou nun 8% as previsións realizadas, sen embargo no seu conxunto as cifras descendieron en case un 2% sobre o facturado no ano anterior debido a baixada dos ingresos correntes non portuarios, e respecto a execución deste exercicio 2016, as previsións ao peche de maio de 2016 indican no seu conxunto unha execución próxima ao 100%. As estimacións de ingresos correntes ou de xestión ordinaria para o vindeiro 2017 acadan a cifra total de: 16.000.000.- €, o que representa unha baixada do 3,6% respecto da facturación real do ano 2015.

Dentro deste epígrafe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións privativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

No referente ás taxas administrativas por servizos profesionais de dirección de obras, as previsións (165.000.-€) indican unha baixada do 41% respecto da execución real do ano 2015, debido á importante diminución dos investimentos para o ano 2017.

En canto á previsión de facturación por prestación de servizos portuarios, que recollen as taxas do tráfico comercial, pesca fresca, embarcacións deportivas, almacenaxe, subministros e servizos diversos así como a taxa de actividades comerciais e industriais, ascenden no seu conxunto á cifra de 13.440.000.-€, o que representa unha baixada do 2,5% respecto do peche real do ano 2015, debido fundamentalmente a caída dos tráfico comercial e de embarcacións deportivas, así como pola baixada de ingresos da tarifa E-2 de almacenaxe.

No que se refire aos ingresos correntes por utilización privativa e ocupación dominio público portuario, as previsións para o ano 2017 acadan a cifra de 2.325.000.-€, baixando nun 2,3% sobre a execución real do ano 2015.

Por último, diminúe o concepto outros ingresos da xestión ordinaria correspondentes a sancións, xuros, reclamacións patrimoniais, etc.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Consellería do Mar		413.761	413.761
TOTAL	0	413.761	413.761

As previsións de transferencias e subvencións correntes a recibir por parte da Comunidade Autónoma ascenden a cifra de 413.761.- €, que se destinarán a gastos correntes ou

de explotación, aplicable no epígrafe de servizos exteriores, como axuda para atender os gastos de Reparacións e Conservación das instalacións portuarias recibidas en adscrición.

Por outra banda, a cifra estimada a contabilizar na conta de resultados na rúbrica de Subvencións de capital ascende a 15.647.740 €, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio (nor orzamentario), trátase dunha cifra estimada e a partires das cifras de peche do exercicio 2015 que inclúe a cifra estimada de ingresos a distribuír dos bens adscritos.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Nº Empregados	109	113	115
Custo Total	4.191.649,99	4.377.496,8	4.704.519,75
Custo Medio	38.455,5	38.738,91	40.908,87

A dotación económica para o vindeiro ano 2017 ascende á cifra de 4.704.520 € e dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 115 traballadores. Inclúe os gastos de formación, outros de acción social e revisións médicas por un importe de: 27.948 €.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017	PREVISIÓN 2018	PREVISIÓN 2019
ARRENDAMENTOS E CANONES	130.031,23	148.420,44	129.500	129.500	129.500
REPARACIONES E CONSERVACION	1.638.482,46	2.846.594,25	1.298.721,06	1.298.721,06	1.298.721,06
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	59.663,71	63.619,13	65.000	65.000	65.000
PRIMAS DE SEGUROS	39.885,15	39.000	41.000	41.000	41.000
PUBLICIDADE/ INFORMACION DIVULGACION	110.718,81	179.064,57	110.000	110.000	110.000
SUBMINISTROS	2.098.613,06	2.152.534,54	2.105.200	2.105.200	2.105.200
COMUNICACIONES E OUTROS SERVICIOS	3.848.032,97	4.153.484,16	4.540.100	4.540.100	4.540.100
TOTAL	7.925.427,39	9.582.717,09	8.289.521,06	8.289.521,06	8.289.521,06

As previsións de gasto neste capítulo para o vindeiro 2017 acadan a cifra de: 8.589.521 €, o que representa unha subida destes gastos do 5,2% respecto do peche real do ano 2015. Pola súa importancia destacamos as seguintes partidas:

-Reparacións e Conservación, redúcense as dotacións nesta partida nun 20,7%, respecto da execución real do 2015, cunha previsión de: 1.298.721 € que se destinarán en actuacións de reparacións, conservación e mantemento das instalacións portuarias.

-Subministros, mantense o crédito destinado neste capítulo cunha previsión de: 2.105.200 €, que inclúe os gastos de auga e enerxía eléctrica nos portos; trátase dun custo

variable pola súa vinculación ás vendas por prestación de servizos a través da correspondente taxa portuaria.

-Comunicacións e outros servizos, as previsións acadan a cifra de: 4.540.100 € o que representa un incremento do 18%, debido fundamentalmente a dotación da partida de nova creación de Seguridade e Vixiancia nos portos con código PBIP, para atender os gastos derivados do contrato de servizos para a vixiancia xeral e control presencial dos accesos nas instalacións portuarias explicados anteriormente.

Neste capítulo destacan como contratos máis importantes polo seu peso económico e de xestión os seguintes:

- Servizos de limpeza nos portos e instalacións portuarias. (2.701.500.-€)
- Servizo de recollida de refugallos MARPOL. (204.500.-€)
- Servizo de xestión externa de practicaxe e remolcadores. (308.000.-€)
- Servizo de seguridade e vixiancia (PBIB). (413.761.-€)

-Outros servizos externos de xestión que inclúe estudos e traballos técnicos, servizos informáticos e de tarefas administrativas. (787.421.- €),

Por último estímase unha previsións de 300.000.- € para a partida de Tributos, correspondentes ao pago do imposto de bens inmobles (IBI) correspondentes aos bens recibidos en adscrición.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
DOTACIONS (INMOB. SUXEITO A SUBVENCIONS)	13.765.792,08	13.765.792,08	13.765.792,08
DOTACIONS (INMOB. BENS ADSCRITOS)	1.881.947,79	1.881.947,79	1.881.947,73
DOTACIONS (INMOB. BENS PROPIOS)	3.114.720,13	3.114.720,13	3.114.720,19
TOTAL	18.762.460	18.762.460	18.762.460

As estimacións para amortizacións acadan os 18.762.460 €, dos cales a cifra de 15.647.740 € reflíctense como ingresos a distribuír en varios exercicios na conta de subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio, imputándose como gasto non orzamentario a cifra de: 3.114.720 € correspondente a parte das dotacións para amortización dos bens adquiridos e financiados con fondos propios.

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
CONVENIO AXI E CONCELLO DE MOAÑA (PASEO MARITIMO DA XUNQUEIRA)	160.070,68	0	

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
TOTAL	160.070,68	0	0

Non se estima importe algún para o vindeiro ano 2017.

Polo tanto o importe global do epígrafe "Outros gastos da xestión ordinaria" para o vindeiro 2017 ascende á cifra de: 32.061.501 €.

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Consellería do Mar	29.895,37	4.651.667,68	3.740.865
TOTAL	29.895,37	4.651.667,68	3.740.865

	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
Subvencións de Capital Recibidas do Estado	4.458.278,21	0	
Subvencións de Capital Recibidas da UE	2.103.770,91	52.122	0
TOTAL	6.562.049,12	52.122	0

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Mar, cun importe previsto para o ano 2017 de 3.740.865 €.

RECURSOS PROPIOS:

Os recursos da xestión ordinaria previstos para o ano 2017 acadan un superávit de : 3.114.720 €, indicador do grao de autonomía financeira dispoñible ou aforro neto, que se aplica na realización de novos investimentos.

Financiamento alleo a longo prazo

O ente non mantén ningún tipo de endebedamento externo en canto a Préstamos e Créditos se refire.

Remanente de Tesourería

	2015	2016
1. Dereitos pendentes de cobro	10.237.847,89	10.948.456,93
(+) Do orzamento corrente	6.173.782,69	6.930.559,41
(+) De orzamentos pechados	4.988.519,59	4.988.519,59
(+) De operacións non orzamentarias	1.996.106,61	1.949.938,93
(+) De operacións comerciais	0	
(-) De dubidoso cobro	2.917.098	2.917.098
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva	3.463	3.463
2. Obrigas pendentes de pagamento	4.610.407,2	3.070.903,93

	2015	2016
(+) Do orzamento corrente	3.751.038,28	2.621.809,48
(+) De orzamentos pechados	0	
(+) De operacións non orzamentarias	889.321,33	449.094,45
(+) De operacións comerciais	0	
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva	29.952,41	
3. Fondos líquidos	947.670,97	400.000
I. Remanente de tesourería afectado		
II. Remanente de tesourería non afectado		
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	6.575.111,66	8.277.553

O saldo do estado de remanente de tesourería ao peche do ano 2015 reflicte a cifra de: 6.575.112 €, como consecuencia de resultados orzamentarios positivos de exercicios anteriores debido aos maiores ingresos e menores gastos correntes liquidados. O remanente de tesourería constitúe unha fonte de liquidez que permite facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento sen esperar ao cobro dos dereitos tanto orzamentarios como non orzamentarios, constituíndo así un fondo de manobra necesario para o equilibrio económico-financeiro do ente público.

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2015	ESTIMADO 2016	PREVISIÓN 2017
CONSTRUCCIONS E INSTALACIONES PORTUARIAS	9.556.305,03	5.151.667,68	6.555.585,19
OUTRO INMOBILIZADO	120.537,56	83.168,22	300.000
TOTAL	9.676.842,59	5.234.835,9	6.855.585,19

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos (Maquinaria, Elementos de transporte, Moblaxe e Equipos informáticos).

O orzamento previsto para a anualidade 2017 acada a cifra de: 6.855.585 €, o que representa unha baixada do 29% respecto da execución real do ano 2015.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tal e como se recolle no estado de orixe e aplicación de fondos e no estado de fluxos de efectivo, os ingresos por prestación de servizos portuarios financian a totalidade dos gastos correntes, quedando un superávit por conta corrente de 3.114.720 €, que xunto coa transferencia de capital fixada anualmente pola Comunidade Autónoma por importe de: 3.740.865.-€ constitúen o financiamento do programa de investimentos que ascende para o vindeiro 2017 a : 6.855.585 €.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
	A) Inmobilizado	299.817	286.289	274.382
	I. Investimentos destinados ao uso xeral			
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais	400	393	365
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento			
212	2. Propiedade industrial	3	3	3
215	3. Aplicacións informáticas	1.114	1.160	1.185
216	4. Propiedade intelectual			
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmobilizado inmaterial	2.585	2.585	2.585
(281)	7. Amortizacións	-3.303	-3.355	-3.408
	III. Inmovilizacións materiais	299.417	285.896	274.017
220, 221	1. Terreos e construcións	516.910	522.061	528.617
223	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	2.307	2.307	2.307
226	3. Mobiliario	1.344	1.366	1.371
227, 228, 229	4. Outro inmobilizado	1.423	1.438	1.708
(282)	5. Amortizacións	-222.567	-241.277	-259.986
23	IV. Investimentos xestionados			
	V. Inmovilizacións financieras			
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo			
252, 253, 257	2. Outros investimentos e créditos a longo prazo			
260, 265	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP			
(297)	4. Provisións			
27	B) Gastos a distribuír en varios exercicios			
	C) Activo circulante	11.219	11.352	11.041
	I. Existencias			
30	1. Comerciais			
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisións			
	II. Debedores	10.261	10.941	10.941
43	1. Debedores orzamentarios	11.162	11.919	11.919
44	2. Debedores non orzamentarios	1.667	1.621	1.621
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
470, 471, 472	4. Administracións públicas	318	318	318
550, 555, 558	5. Debedores varios	30		
(490)	6. Provisións	-2.917	-2.917	-2.917
	III. Investimentos financeiros temporais	11	11	
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros investimentos e créditos curto prazo			
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	11	11	
(597), (598)	4. Provisións			
57	IV. Tesourería	948	400	100
480, 58	V. Axustes por periodificación			
	TOTAL XERAL (A + B + C) ...	311.036	297.641	285.423

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
	A) Fondos propios	306.392	294.568	282.661
	I. Patrimonio	327.860	316.916	305.010
100	1. Patrimonio			
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	332.738	321.794	309.887
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	-4.877	-4.877	-4.877
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	-20.054	-21.469	-22.349
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	2.336	2.336	2.336
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-22.390	-23.805	-24.685
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	-1.414	-880	
14	B) Provisións para riscos e gastos			
	C) Acredores a longo prazo	3	3	3
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo	3	3	3
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito			
171, 173, 177	2. Outras débedas			
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180, 185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo	3	3	3
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	4.641	3.071	2.760
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito			
520	1. Préstamos e outras débedas			
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	4.500	3.071	2.760
40	1. Acredores orzamentarios	3.751	2.622	2.201
41	2. Acredores non orzamentarios	459	159	269
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	287	287	287
521, 523, 529	5. Outros acredores			
550, 554, 559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo	3	3	3
485, 560, 561, 585	IV. Axustes por periodificación	141		
	TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...	311.036	297.641	285.423

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
71	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos			
600, (608), (609), 610	a. Consumo de mercadorías			
601, 602, (608), (609), 611, 612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	31.509	32.964	32.062
	a. Gastos de persoal	4.169	4.323	4.650
640, 641	a.1) Soldos e Salarios	3.256	3.313	3.603
642, 644	a.2) Cargas sociais	913	1.011	1.047
645	b. Prestacións sociais	23	54	54
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	18.762	18.762	18.762
	c.1 de inmovilizado inmaterial	53	53	53
	c.2 de inmovilizado material	18.710	18.710	18.710
	d. Variacións das provisións de tráfico	295		
693, (793)	d.1 Variacións das provisións de existencias			
675, 694, (794)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	295		
	e. Outros gastos de xestión	8.162	9.819	8.590
62	e.1 Servicios exteriores	7.925	9.583	8.290
63	e.2. Tributos	236	236	300
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	98	5	5
661, 662, 663, 665, 669	f.1 Por débedas	98	5	5
666, 667	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
696, 698, 699, (796), (798), (799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
668	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	160		
650	a. Transferencias correntes	160		
651	b. Subvencións correntes			
655	c. Transferencias de capital			
656	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	113		
670, 671	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
674	b. Perdas por operacións de endebedamento			
678	c. Gastos extraordinarios			
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	113		
	TOTAL GASTOS	31.782	32.964	32.062
	AFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
PORTOS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
	1. Ventas e prestacións de servizos			
700, 701, 702, 703, 705	a. Ventas			
705, 741, 743 (708), (709)	b. Prestacións de servizos			
71	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	16.602	16.022	16.000
72, 73, 740, 743	a. Ingresos tributarios	16.441	15.952	15.930
773	b. Reintegros			
78	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	158	65	65
775, 776, 777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	158	65	65
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
760	e. Ingresos de participacións en capital			
761, 762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	3	5	5
763, 765, 769	g.1 Outros xuros	3	5	5
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	13.766	16.062	16.062
750	a. Transferencias correntes			
751	b. Subvencións correntes		414	414
755	c. Transferencias de capital			
756	d. Subvencións de capital	13.766	15.648	15.648
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios			
770, 771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
778	c. Ingresos extraordinarios			
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	30.368	32.084	32.062
	DESAFORRO	1.414	880	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2017			
Formulario EP.04			
PORTOS DE GALICIA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2015	ESTIMADO 2016	ORZAMENTO 2017
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	23.194	21.140	20.155
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais			
2. Transferencias e subvencións recibidas	6.592	5.118	4.155
3. Vendas netas e prestacións de servizos	16.602	16.022	16.000
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados			
6. Outros cobramentos			
B) Pagamentos:	13.020	14.201	13.299
1. Gastos de persoal	4.192	4.377	4.705
2. Transferencias e subvencións concedidas	160		
3. Aprovisionamentos			
4. Outros gastos de xestión	8.260	9.824	8.595
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados			
7. Outros pagamentos	408		
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	10.174	6.938	6.856
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	9.677	5.235	6.856
1. Compra de investimentos reais	9.677	5.235	6.856
2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento			
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-9.677	-5.235	-6.856
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	498	1.703	
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			

